

Política de sostibilidadade

Edición: 04/03/2026 Versión: 001 Revisión: 001

Aprobado pola Dirección: 04/03/2026

Propiedade: Dirección

imaxin

intelligence
in dialogue

Índice

1	Obxecto e alcance	3
2	Compromisos xerais	4
3	Estratexia de sostibilidade	8
4	Sistemas de seguimento e supervisión	10

1 Obxecto e alcance

imaxin entende a sostibilidade como un compromiso estratéxico que integra os aspectos **económicos, sociais e medioambientais** no desenvolvemento da súa actividade. A través desta política, a empresa establece os principios que guían a súa actuación para xerar valor de forma responsable, contribuíndo ao benestar das persoas, ao respecto da contorna e ao desenvolvemento dunha sociedade máis inclusiva e sostible.

Como empresa especializada en tecnoloxías lingüísticas, procesamento da linguaxe natural e intelixencia artificial, **imaxin** entende a sostibilidade tamén como unha oportunidade para **facilitar o acceso ao coñecemento e á información en diferentes linguas**, contribuíndo a que a diversidade lingüística e cultural sexa un elemento de conexión entre as persoas e non unha barreira.

A presente política de sostibilidade ten como finalidade establecer o marco xeral de actuación de **imaxin** en materia de sostibilidade, definindo os principios e os compromisos que orientan a toma de decisións da organización en relación cos seus **grupos de interese, coa súa actividade tecnolóxica e co seu impacto social, económico e ambiental**.

Esta política aplícase a todas as persoas que forman parte de **imaxin**, incluíndo a dirección e o conxunto do persoal da organización, así como a terceiros, provedores e colaboradores que manteñan relacións profesionais coa empresa cando resulte aplicable.

Así mesmo, esta política desenvólvese de forma complementaria con outras normas internas da organización, en particular co **código ético e de conduta, coa política de seguridade da información, coa normativa interna en materia de protección de datos e co resto de políticas e procedementos corporativos**, conformando conxuntamente o marco de actuación responsable da empresa.

Documentos relacionados:

- Código ético
- Regulamento interno
- Política de seguridade da información (SXSÍ)
- Procedemento de xestión de compras
- Plans e políticas en materia de igualdade
- Protocolo de acoso laboral
- Protocolo de acoso sexual
- Protocolo para a prevención de riscos durante o embarazo, a maternidade e a lactación natural
- Protocolo de prevención, detección e actuación fronte ao acoso discriminatorio por razón de orientación sexual, identidade de xénero, expresión de xénero e características sexuais
- Protocolo para a avaliación de riscos laborais para traballos con exposición a radiacións ionizantes Rn-222 grupo

2 Compromisos xerais

Os compromisos de **imaxin** en materia de sostibilidade fundamentanse no respecto á legalidade vixente, á ética profesional, á transparencia e á responsabilidade no desenvolvemento da súa actividade. A empresa orienta a súa actuación cara á xeración de valor económico, social e ambiental, tendo en conta o impacto das súas decisións sobre os seus grupos de interese e sobre a contorna.

No desenvolvemento da súa actividade, **imaxin** asume os seguintes compromisos:

- **Desenvolvemento tecnolóxico ao servizo do progreso sostible**
imaxin promove a innovación e o desenvolvemento de solucións tecnolóxicas que contribúan ao progreso social e económico, facilitando o acceso ao coñecemento, á información e á comunicación. En particular, a empresa impulsa o desenvolvemento de tecnoloxías lingüísticas e solucións baseadas en intelixencia artificial que favorezan a diversidade lingüística e cultural e contribúan a que as linguas sexan un elemento de conexión entre as persoas.
- **Cumprimento da legalidade vixente e conduta responsable**
imaxin desenvolve a súa actividade en estrito cumprimento da lexislación aplicable, así como das normas internas da organización e dos principios establecidos no seu código ético e de conduta. A empresa promove unha cultura de cumprimento que garante que todas as súas actuacións se realicen con integridade, responsabilidade e respecto aos marcos reguladores aplicables.
En particular, **imaxin** presta especial atención ao cumprimento das obrigas derivadas da súa actividade no ámbito da **contratación pública**, actuando cos principios de legalidade, transparencia, igualdade de trato e competencia leal nas súas relacións coas administracións públicas.
Así mesmo, a organización garante o respecto á normativa en materia de **protección de datos persoais e seguridade da información**, asegurando a adecuada protección da información e dos sistemas tecnolóxicos mediante o cumprimento das súas políticas internas e do seu sistema de xestión de seguridade da información.
imaxin evita calquera conduta que, aínda sen constituír un incumprimento legal, poida comprometer a súa reputación ou xerar impactos adversos sobre as persoas, a contorna ou os dereitos fundamentais.
- **Transparencia e relación cos grupos de interese**
imaxin mantén un compromiso de transparencia e rigor na información que comunica aos seus grupos de interese, facilitando información clara e veraz sobre a súa actividade e o seu impacto. A empresa promove ademais canles de comunicación que permitan identificar e xestionar adecuadamente os posibles impactos derivados da súa actividade ao longo da súa cadea de valor.
- **Respecto polos dereitos humanos**
imaxin comprométese a respectar e promover os dereitos humanos en todas as súas actividades e relacións profesionais, de acordo cos principios recollidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e nos convenios fundamentais da Organización Internacional do Traballo.
Este compromiso tradúcese, na práctica, na promoción dun ambiente de traballo baseado na **non-discriminación, na igualdade de oportunidades, no respecto das condicións de traballo dignas e seguras**, así como na protección da **privacidade** e dos dereitos das persoas no uso de datos e tecnoloxía.

Así mesmo, **imaxin** estende este compromiso á súa cadea de valor, promovendo relacións con provedores e colaboradores que compartan estes principios e establecendo, cando resulte aplicable, a esixencia de respecto dos dereitos humanos e dos estándares laborais básicos na selección e avaliación de **provedores e colaboradores críticos**.

- **Redución da pegada de carbono**

imaxin promove unha xestión responsable dos recursos e contribúe á loita contra o cambio climático mediante a mellora continua da eficiencia enerxética e a redución do impacto ambiental asociado á súa actividade.

En particular, a empresa fomenta o uso eficiente da **infraestrutura tecnolóxica e dixital**, promovendo a optimización do uso de servidores, servizos na nube e recursos informáticos co obxectivo de mellorar a súa eficiencia enerxética e reducir o consumo asociado á prestación de servizos tecnolóxicos.

Así mesmo, **imaxin** impulsa prácticas orientadas a favorecer o uso de **fontes de enerxía máis sostibles**, promovendo cando resulte posible a contratación de enerxía procedente de fontes renovables e o uso responsable da electricidade nas súas instalacións.

A organización tamén promove formas de traballo que contribúan a reducir as emisións asociadas a desprazamentos, priorizando o uso de **ferramentas de comunicación e colaboración dixital**, como a videoconferencia, sempre que resulte adecuado para o desenvolvemento da actividade profesional.

- **Fomento de principios de economía circular**

imaxin promove o uso responsable dos recursos, fomentando a redución, a reutilización e a reciclaxe de materiais e equipos sempre que resulte posible, co obxectivo de minimizar o impacto ambiental asociado á súa actividade.

En particular, a empresa impulsa prácticas orientadas a unha **compra responsable de equipos tecnolóxicos**, priorizando cando sexa posible solucións eficientes desde o punto de vista enerxético e con maior durabilidade.

Así mesmo, **imaxin** promove a **optimización do ciclo de vida dos equipos informáticos**, fomentando medidas destinadas a prolongar a súa vida útil mediante o seu mantemento, actualización ou reasignación interna cando resulte viable.

Cando os equipos tecnolóxicos deixan de ser aptos para o seu uso na organización, valorarase a súa **reutilización ou doazón** sempre que isto sexa posible e adecuado.

Naqueles casos nos que non sexa viable a súa reutilización, a empresa garantirá a súa correcta xestión como **residuos de aparellos eléctricos e electrónicos RAEE** a través de xestores autorizados, conforme a normativa aplicable.

- **Sostibilidade dixital**

imaxin promove un uso responsable e eficiente das tecnoloxías dixitais co obxectivo de minimizar o impacto ambiental asociado á súa actividade. Neste sentido, a organización fomenta a optimización do uso de infraestruturas tecnolóxicas, servizos na nube e recursos informáticos, así como o desenvolvemento de solucións dixitais que contribúan a mellorar a eficiencia dos procesos e a reducir o consumo de recursos asociados á actividade empresarial.

- **Igualdade de oportunidades e desenvolvemento profesional**

imaxin promove un ambiente de traballo baseado no respecto, na igualdade de oportunidades e na diversidade. A empresa fomenta o desenvolvemento profesional e persoal do seu equipo mediante a formación continua, a conciliación da vida persoal e laboral e a creación dun ambiente de traballo inclusivo, seguro e respectuoso.

En particular, garante que os procesos de selección, contratación, promoción e desenvolvemento profesional se baseen en criterios obxectivos relacionados coas competencias e coa capacidade profesional das persoas, evitando calquera forma de discriminación por razón de sexo, idade, orixe, orientación sexual, identidade de xénero, relixión, discapacidade ou outras circunstancias persoais ou sociais.

Así mesmo, a organización promove a xeración de valor na súa contorna mediante a colaboración con profesionais, empresas e entidades que compartan os principios éticos e sociais que inspiran a súa actividade. Neste sentido, **imaxin** fomenta, sempre que resulte compatible con criterios técnicos e económicos, a **contratación de provedores e profesionais de proximidade**, favorecendo a **compra local e a colaboración con empresas da contorna, especialmente do ecosistema tecnolóxico e empresarial galego**.

- **Saúde e seguridade no traballo**

imaxin comprométese a garantir un ambiente de traballo seguro e saudable para todas as persoas da organización. Para iso, promove unha cultura preventiva baseada na información, na formación e na mellora continua das condicións de traballo, fomentando a participación do persoal na identificación e prevención de riscos laborais.

A empresa adopta as medidas necesarias para prever riscos e protexer a saúde das persoas traballadoras, asegurando que as instalacións, os equipos e os procedementos de traballo sexan adecuados para o desenvolvemento seguro da actividade.

Así mesmo, préstase especial atención á xestión dos riscos asociados á contorna laboral cando resulte aplicable, incluíndo o **control de riscos específicos da contorna, como a posible exposición a gas radon (Rn-222)**, de acordo coa normativa vixente e cos protocolos internos establecidos en materia de prevención de riscos laborais.

- **Desenvolvemento responsable da intelixencia artificial e xestión dos datos**

imaxin desenvolve solucións tecnolóxicas baseadas en intelixencia artificial e procesamento da linguaxe natural seguindo principios de responsabilidade, transparencia e respecto polos dereitos das persoas. A empresa promove o uso ético dos datos, a mitigación de posibles nesgos nos sistemas tecnolóxicos e a protección da privacidade e a seguridade da información, en liña coas súas políticas internas e co seu sistema de xestión de seguridade da información.

- **Apoio aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030**

imaxin contribúe ao desenvolvemento sostible mediante a súa actividade empresarial e o seu compromiso cos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)** da Axenda 2030 das Nacións Unidas. En particular, a organización identifica unha contribución directa a aqueles obxectivos que están máis vinculados coa súa actividade tecnolóxica, co seu impacto social e coa súa relación coas persoas e coa contorna.

Neste sentido, **imaxin** contribúe especialmente aos seguintes obxectivos:

- **Obxectivo 3: Garantir unha vida sa e promover o benestar para todas as persoas de todas as idades**, a través da promoción da conciliación da vida laboral e familiar, da igualdade de oportunidades, das condicións de traballo flexibles, así como da autorresponsabilidade e autonomía para a organización do traballo.
- **Obxectivo 4: Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas**, promovendo oportunidades de aprendizaxe continua e o desenvolvemento

de competencias mediante programas de formación para o equipo da organización e a colaboración con centros educativos e universidades, incluíndo a incorporación de estudantes en prácticas que poidan adquirir experiencia no ámbito profesional.

- **Obxectivo 5: Lograr a igualdade entre os xéneros e apoderar a todas as mulleres e nenas**, a través da promoción da igualdade de oportunidades en todos os ámbitos da organización, garantindo procesos de selección, promoción e desenvolvemento profesional baseados en criterios obxectivos e libres de discriminación. Así mesmo, a empresa impulsa medidas orientadas a favorecer a igualdade efectiva e a previr posibles nesgos nos procesos de selección e desenvolvemento profesional.
- **Obxectivo 8: Promover o crecemento económico inclusivo e sostible, o emprego e o traballo decente para todas as persoas**, a través do crecemento económico sostible mediante o desenvolvemento de solucións tecnolóxicas innovadoras, xerando emprego cualificado e promovendo condicións de traballo dignas, estables e baseadas no respecto e no desenvolvemento profesional das persoas.
- **Obxectivo 9. Industria, innovación e infraestruturas**, fomentando a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico mediante o deseño e desenvolvemento de solucións avanzadas baseadas en procesamento da linguaxe natural e intelixencia artificial, contribuíndo a mellorar o acceso á información, a comunicación entre linguas e a eficiencia das organizacións.
- **Obxectivo 10. Redución das desigualdades**, contribuíndo a unha sociedade máis inclusiva mediante o desenvolvemento de tecnoloxías lingüísticas que faciliten o acceso á información e aos servizos en diferentes linguas, promovendo a diversidade lingüística e cultural e reducindo as barreiras de comunicación entre persoas e comunidades.
- **Obxectivo 13: Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos**, impulsando prácticas orientadas á redución do impacto ambiental da actividade empresarial mediante o uso eficiente dos recursos, a mellora da eficiencia enerxética e a adopción de medidas que contribúan á redución de emisións asociadas á actividade da organización.
- **Obxectivo 16: Promover sociedades pacíficas e inclusivas para o desenvolvemento sostible, facilitar o acceso á xustiza para todas as persoas e construír a todos os niveis institucións eficaces e inclusivas que rendan contas**, promovendo unha cultura organizativa baseada na ética, na transparencia e no cumprimento normativo, garantindo o respecto á legalidade e a aplicación dos principios establecidos no código ético e de conduta da organización.
- **Obxectivo 17: Revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sostible**, fomentando a colaboración con organizacións públicas, privadas e do ámbito académico co fin de impulsar iniciativas que contribúan ao desenvolvemento sostible, á innovación tecnolóxica e á xeración de coñecemento.

3 Estratexia de sostibilidade

A estratexia de sostibilidade de **imaxin** fundaméntase na integración de criterios ambientais, sociais e de bo goberno no desenvolvemento da súa actividade empresarial. Como empresa tecnolóxica especializada en tecnoloxías lingüísticas e intelixencia artificial, **imaxin** orienta a súa actuación cara á xeración de valor sostible a través da innovación, do compromiso coas persoas e da responsabilidade no uso da tecnoloxía.

Neste marco, a estratexia de sostibilidade de **imaxin** artículase arredor dos seguintes piares:

Diversidade cultural e lingüística

Traballamos para contribuír ao desenvolvemento dunha sociedade máis inclusiva ao promover a diversidade lingüística e cultural a través da tecnoloxía. Mediante o desenvolvemento de solucións lingüísticas innovadoras, a empresa facilita o acceso á información e á comunicación en diferentes linguas, contribuíndo a preservar e fortalecer o patrimonio lingüístico e cultural.

Tecnoloxía ao servizo da sociedade

Desenvolvemos solucións tecnolóxicas que contribúen a mellorar a comunicación entre persoas, organizacións e culturas. A través do uso responsable de tecnoloxías avanzadas como o procesamento da linguaxe natural e a intelixencia artificial, a empresa impulsa ferramentas que facilitan o acceso ao coñecemento e a eficiencia das organizacións.

Persoas e ambiente

Situamos as persoas no centro da súa actividade, promovendo un ambiente de traballo baseado no respecto, na igualdade de oportunidades, no desenvolvemento profesional e no benestar do equipo. Así mesmo, **imaxin** contribúe ao desenvolvemento da súa contorna mediante a colaboración con empresas, profesionais e entidades do ecosistema tecnolóxico e empresarial, favorecendo cando resulta posible a contratación de proximidade e a colaboración con empresas da contorna.

**Ética,
transparencia
e tecnoloxía
responsable**

Desenvolvemos a nosa actividade conforme aos principios de ética, integridade e transparencia, garantindo o cumprimento da normativa aplicable e das súas políticas internas. Neste ámbito, **imaxin** presta especial atención á protección de datos, á seguridade da información e ao desenvolvemento responsable de solucións baseadas en intelixencia artificial, promovendo o uso ético da tecnoloxía e o respecto polos dereitos das persoas.

4 Sistemas de seguimento e supervisión

A supervisión da presente política de sostibilidade e a avaliación do seu grao de cumprimento corresponden ao órgano de goberno de **imaxin**. Esta política pode ser revisada, velando por que en todo momento estea orientada á creación de valor e de acordo cos principios e cos valores establecidos pola empresa. Así mesmo, o órgano de goberno de **imaxin** asume o compromiso de revisar esta política periodicamente e, cando as circunstancias o aconsellen, adaptala á súa filosofía de mellora continua, considerando as novas esixencias organizativas e os retos da contorna que poidan xurdir. Esta revisión terá lugar polo menos unha vez por ano.

imaxin

Salgueiriños de abaixo nº11 L6
15703 Santiago de Compostela
981 554 068

www.imaxin.com
imaxin@imaxin.com